

Ministerio e Entidades adían ata o infinito o segundo día de traballo a distancia

Nesta Mesa Delegada tratáronse diferentes asuntos, sendo a información máis relevante sobre cada un deles a seguinte:

Axencia Estatal da Seguridade Social

Explican que a intención da nova cúpula do Ministerio é darlle un impulso para iniciar a súa tramitación parlamentaria.

Deixaron as explicacións á espera de que a Subsecretaria informe directamente do asunto.

Produtividade

Dixeron que non so teñen intención de reformar o modelo de produtividade senón tamén suxeriron agrupar algunhas das produtividades que temos, apuntando como exemplo refundir a produtividade media coa de obxectivos.

Sobre se o Ministerio preparou algunha proposta para o novo modelo de produtividade, despois das achegas que a CIG xa realizou no Grupo de Traballo o ano pasado, responden que o están estudando e que presentarán unha proposta en marzo.

A CIG, unha vez máis, defendeu que a produtividade non debe supor unha competencia entre o diferente persoal, senón que ten que ser medida en función do traballo realizado. Ademais, do mesmo xeito que o persoal que xubila deixa a súa carga de traballo, demandamos que a súa produtividade tamén sexa repartida entre as persoas que sofren esa carga.

Provisión de postos

Concurso de Prevención de Riscos Laborais

Están as bases finalizadas pendentes de enviar a Función Pública. Ante a protesta unánime de toda a parte social pola inexistencia de negociación, acordaron debatelas no seu grupo de traballo o próximo 15 de febreiro.

Serán unhas 100 vacantes + 15 resultas existentes a mediados de xaneiro. Os postos de dobre adscrición (funcionario/laboral) ofertaranse primeiro nun concurso de funcionarios e as vacantes posteriormente saíran nun concurso de laborais.

Concursos específicos da TXSS, ISM e IXSS están en fase de valoración de méritos.

O INSS está preparando o seu con 560 vacantes a outubro/2023 de NCD 16-28. Despois convocarán o dos servizos médicos.

No IMSERSO despois de resolver o último en novembro/2023 prevén convocar o seguinte no segundo trimestre deste ano.

Concurso Macro e Concurso aberto e permanente

A Administración non o ve viábel. Aduce que son moitos postos e que é imposible xestionar iso. A CIG respondeu que existen outros colectivos de funcionarios, moito máis numerosos, que teñen concursos anuais e que se resolven en poucos meses (Policía, Ensino nas diferentes CCAA, etc.). Polo tanto non é imposible, e o problema é a preguiza da Administración de organizalo e traballalo.

Prevención de Riscos Laborais

Comités de Seguridade e Saúde

O Ministerio informa que ten enviado a Función Pública a proposta para a creación dos Comités de Seguridade e Saúde provinciais, pero que aínda non ten ningunha resposta, e engadiron que ven complicado que prospere.

A preguntas sobre a posibilidade de crear servizos de prevención multiprovinciais, responderon que abordarán ese asunto despois da resolución do concurso de PRL.

Atención telefónica na TXSS

A CIG interpelou á TXSS sobre a situación das persoas da TXSS que fan labores de atención telefónica, que teñen controlado cada minuto da súa xornada, respondendo en moitos casos un excesivo número de chamadas diarias e recibindo unha nova chamada aos poucos segundos de finalizar a anterior. Mesmo ás veces reciben un correo requirindo explicacións da causa dos minutos de ausencia. Todo isto son unhas condicións de traballo que xeran un estrés excesivo no persoal.

A TXSS respondeu que pretende facer este ano un estudo de riscos psicosociais a este persoal.

Traballo non presencial

A Admón. aduce dous motivos para non implantar o segundo día de traballo a distancia: a falta de “datos de monitorización do rendemento”; e a dificultade de instauralo de forma homoxénea en todo o sistema debido ás diversas especificidades existentes.

A CIG rexeitou de plano esta argumentación. Son as mesmas escusas que aducían no 2023 para iniciar o traballo a distancia, e tras case 1 ano de un día semanal non se produzo ningún prexuízo na xestión.

A CIG insistiu en que recaben os datos que queiran, xa que estamos seguros de que o persoal da Seguridade Social está sendo responsable traballando a distancia, pero que non dilaten máis a implantación do segundo día de teletraballo.

A Admón. dixo que na seguinte xuntanza que teñamos, o primeiro punto na orde do día sería este.

Acción Social

A Admón. está traballando para modificar a circular de Acción Social coas achegas que fixemos chegar os sindicatos e as recibidas por parte das Entidades.

Formación

No seguinte grupo de traballo desta materia se falará para homoxeneizar a formación de todas as Entidades.

Estabilidade do emprego

As 2.500 prazas de C1 de Seguridade Social teñen a intención de convocalas antes de verán e comezar os exames antes de rematar o verán, pero aínda non teñen claro que sistema utilizar: oposición ou oposición-concurso.

De A2 da Seguridade Social de momento vano adiar por dar preferencia aos C1.

Resolución contra o acoso sexual e por razón de sexo

O Ministerio, despois do último grupo de traballo de igualdade onde non houbo acordo, presenta unha Resolución sobre a materia que é rexeitada por toda a parte social.

Se ben é certo que a nivel de AXE non hai protocolo pois está á espera de que o aprobe Función Pública, a CIG considera que o documento presentado polo Ministerio é demasiado básico e carente de elementos importantes.

O Ministerio, en liña co talante negociador que ten, respostou que unicamente nos estaba informando pero que non necesitaba a nosa aprobación por ser a Resolución xa un feito.

En febreiro e marzo desenvolveranse diversas xuntanzas sobre traballo a distancia, formación, acción social, prevención de riscos e provisión de postos.

Seguirmos informando